



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Setembro 2017**


Santiago de Compostela, 08 de novembro de 2017

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2017

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en setembro de 2017 un incremento do 0,1% con respecto a setembro de 2016, mentres que a nivel nacional o crecemento foi do 0,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e a enerxía retrocederon un 0,7% e 10,3% respectivamente. Pola contra os bens de equipo e os bens intermedios creceron un 3,2% e 5,0% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden a “fabricación de produtos metálicos”, que achega 1,0 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” e a “fabricación de vehículos de motor”, que achegan 0,6 puntos cada unha á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “producción de enerxía eléctrica” que resta 2,1 puntos seguida da “fabricación doutro material de transporte”, que resta 0,6 puntos e a “fabricación de bebidas” que resta 0,4 puntos á taxa interanual.

## Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2017



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de setembro de 2017 en Galicia acadou unha taxa interanual do 0,1%, minorando en 1,1 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (1,2%). En España rexistrouse un avance do 0,2%, empeorando en 2,0 puntos a taxa acadada no mes anterior (2,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 0,7%, o que resta 0,2 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un avance do 3,2%, o que achega 0,7 puntos a taxa interanual.
- Os **bens intermedios** creceron un 5,0% cunha repercusión positiva de 1,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que cunha taxa de -10,3%, resta 2,0 puntos a taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de agosto de 2017, por destino económico, os bens de consumo empeoran 3,1 puntos, os bens de equipo melloran 0,1 puntos, os bens intermedios melloran 0,1 puntos e a enerxía empeora 3,2 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas a taxa interanual de setembro foron a “fabricación de produtos metálicos”, que achega 1,0 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” e a “fabricación de vehículos de motor”, que achegan 0,6 puntos cada unha á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas (-4,0 puntos) de 12 ramas, as máis salientables foron a “produción de enerxía eléctrica” que resta 2,1 puntos seguida da “fabricación doutro material de transporte”, que resta 0,6 puntos e a “fabricación de bebidas” que resta 0,4 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 7,8% de Cantabria e o -10,8% de Navarra. Ademais de Cantabria, presentan crecementsos interanuais superiores a media estatal: País Vasco (5,6%), Andalucía (4,4%), Aragón (3,9%), Asturias (3,6%), Murcia (3,0%), Extremadura (1,9%) e Castilla - La Mancha (0,6%).

#### IPI setembro 2017 Taxas de variación en %



#### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



#### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Setembro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	96,7	0,1	0,4	--	--
Bens de consumo	110,4	-0,7	4,5	-0,2	1,2
Bens de equipo	77,9	3,2	0,4	0,7	0,1
Bens intermedios	105,8	5,0	4,0	1,5	1,2
Enerxía	96,2	-10,3	-10,0	-2,0	-2,1
<b>España</b>					
Xeral	101,2	0,2	1,8	--	--
Bens de consumo	98,9	-2,8	0,5	-0,8	0,1
Bens de equipo	109,4	1,4	0,9	0,3	0,2
Bens intermedios	103,5	3,7	4,3	1,2	1,4
Enerxía	91,3	-2,6	0,7	-0,5	0,1

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Setembro 2017**

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>0,1</b>		<b>0,4</b>		
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	11,1	1,0	12,2	1,0	8,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	14,6	0,6	17,2	0,7	3,8
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	4,6	0,6	2,9	0,3	11,4
Confección de roupa de vestir	8,5	0,4	15,0	0,8	5,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	15,2	0,3	3,4	0,1	3,2
Industria do papel	12,7	0,2	4,6	0,1	1,8
Industria da alimentación	1,5	0,2	1,0	0,1	12,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	4,6	0,2	5,4	0,2	3,5
Industria química	10,0	0,2	4,8	0,1	1,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	12,0	0,1	5,7	0,1	1,2
Outras industrias manufactureiras	25,0	0,1	11,4	0,1	0,4
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	2,9	0,0	22,2	0,3	2,1
Industria téxtil	-4,0	0,0	13,6	0,0	0,2
Fabricación de mobles	-3,5	-0,1	9,2	0,1	1,6
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-1,7	-0,1	-3,0	-0,2	4,5
Outras industrias extractivas	-12,2	-0,1	-8,7	-0,1	1,7
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	-3,0	-0,1	0,0	0,0	5,0
Fabricación de bebidas	-7,5	-0,4	2,7	0,1	3,6
Fabricación doutro material de transporte	-20,0	-0,6	-38,0	-1,2	6,7
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-13,3	-2,1	-13,7	-2,4	14,7
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Setembro 2017**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>101,2</b>	<b>0,2</b>	<b>1,8</b>
Galicia	96,7	0,1	0,4
Andalucía	97,6	4,4	3,1
Aragón	101,7	3,9	4,0
Asturias	94,4	3,6	5,7
Balears (Illes)	93,1	-5,9	2,0
Canarias	94,3	-2,6	0,0
Cantabria	100,8	7,8	7,4
Castilla - La Mancha	96,8	0,6	1,7
Castilla y León	92,1	-8,3	-6,5
Cataluña	108,8	0,2	2,9
Comunitat Valenciana	111,9	-1,2	2,4
Extremadura	100,8	1,9	1,7
Madrid	91,5	-0,7	1,3
Murcia	99,4	3,0	6,8
Navarra	97,2	-10,8	-0,8
País Vasco	104,0	5,6	2,1
Rioja (La)	82,7	-9,2	-6,6

Fonte: INE